

ACCIÓN COSTEIRA

EUROPA FOMENTA O ASOCIACIONISMO LOCAL PARA OPTIMIZAR RECURSOS

ENTREVISTA Á CONSELLEIRA DO MAR / INTECMAR, GARANTÍA PARA AS NOSAS AUGAS / MELLORAS NA REDE HIDRÁULICA / NOVAS TECNOLOXÍAS PARA OS COMERCIOS DE TODA A VIDA / OS FONDOS EUROPEOS AXUDAN A BEBER O VIÑO CON NOME DE LOLAILO / ALDEAS MEDIOAMBIENTAIS, A REHABILITACIÓN DO CORAZÓN DE GALICIA / AS ENERXÍAS RENOVABLES CHEGAN AOS CONCELLOS / CREATIVA FAVORECE O INTERCAMBIO CULTURAL CO NORTE DE PORTUGAL / XESTORES DA INNOVACIÓN, UN NOVO PERFIL PROFESIONAL





NON SE PODE ENTENDER GALICIA SEN O MAR. A NOSA COMUNIDADE RECIBE PARA O PERÍODO 2006-2013 O 45 % DO FONDO EUROPEO DA PESCA PARA AS REXIÓNS DE CONVERXENCIA DE ESPAÑA, MÁIS DE 700 MILLÓNS DE EUROS. AS ACHEGAS CANALÍZANSE A TRAVÉS DE VARIÁS VÍAS E NESTE EXEMPLAR DE ULTREIA MOSTRAMOS ALGUNHAS DELAS. POR EXEMPLO A DOS SETE GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA, QUE TRABALLAN NOS CONCELLOS GALEGOS QUE DAN AO MAR OU TAMÉN O LABOR DE ENTIDADES COMO O INTECMAR, QUE CONTROLA A CALIDADE DAS NOSAS AUGAS

SUMARIO

4 Actualidade

Os comités de seguimento do FEDER o Fondo Social Europeo repasan os progresos acadados nun exercicio con especial énfase na innovación e a formación.

10 Entrevista

Rosa Quintana, conselleira do Mar, repasa os principais fitos acadados polo sector grazas á axuda procedente da Unión Europea.

14 Os Grupos de Acción Costeira

Europa dinamiza o litoral galego a partir da actuación de sete asociacións de carácter local que actúan como motores da sociedade.

20 O Intecmar vixía o medio mariño galego

Desde Vilaxoán, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia garante o control da calidade das nosas augas.

24 Melloras na rede hidráulica

Os fondos Feder axudan a que Augas de Galicia desenvolva proxectos de abastecemento e saneamento nos concellos da comunidade.

26 Comercio TEC

A Unión Europea, o Igape, a Fundación Caixanova e o clúster Ineo impulsan unha iniciativa para levar as TIC ao comercio retailista.

28 Un viño con nome de lolailo

Os fondos comunitarios de orientación e garantía agrícola contribuíron á posta en marcha da Cooperativa Viti-vinícola de Arousa, que comercializa o viño Paco&Lola.

32 Aldeas medioambientais

Emprendedores do sector rural traballan na posta en valor de enclaves abandonados para evitar que se esqueza un modo de vida.

36 As enerxías renovables chegan aos concellos

O proxecto E-Sol propicia que as entidades públicas poidan aforrar cartos mediante o emprego de enerxías renovables para abastecer os seus edificios.

38 Creativa favorece o intercambio cultural

Galicia e Portugal estrean un ámbito de colaboración no mundo da música, o audiovisual, o produto gráfico e as artes escénicas.

40 Facer Europa e investir no futuro

Un repaso aos principais eixes de actuación dos Feder e o FSE, os fondos europeos que máis cartos achegan a Galicia.

44 Chegan os xestores da innovación


A Unión Europea fomenta a formación dun novo perfil profesional que favoreza a adopción de prácticas de I+D+i nas pemes da comunidade.

46 Opinión

José Manuel Silva, asesor senior da Dirección Xeral para a Investigación da Comisión Europea, escribe sobre os programas en favor da I+D+i.

50 Pais e nais de Europa

Alcide de Gasperi, guía da chegada de Italia ao concerto internacional tras as feridas da Segunda Guerra Mundial.



XESTORES DA INNOVACIÓN, UN NOVO PERFIL PROFESIONAL PARA AS EMPRESAS GALEGAS

A REDE INCOPYME PROPICIOU, EN TORNO A UN PROXECTO CON FINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA, QUE 50 PERSOAS RECIBIRAN CAPACITACIÓN ESPECÍFICA NUN NOVO PERFIL PROFESIONAL QUE FOMENTE A I+D+i

A innovación é un dos aspectos fundamentais que inciden na competitividade de empresas e organizacións, cada vez máis preocupadas por integrar ou formar profesionais capaces de realizar unha formulación estratéxica e unha difusión da innovación na súa contorna. Son os xestores da innovación, unha cualificación que empeza a ter unha crecente demanda que irá aínda a máis na medida que as políticas de innovación se activen para superar a conxuntura de crise.

Por iso Rede Incopyme, unha inicia-

tiva financiada por fondos europeos para reforzar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal, levou a cabo con alenadores resultados unha actividade formativa para capacitar xestores da innovación, un novo perfil profesional que suscitou o interese de medio centear de participantes, a metade home, a metade mulleres, procedentes do mundo empresarial, de centros tecnolóxicos, universidades ou entidades públicas.

“Perseguiamos un dobre obxectivo: capacitar aínda máis ás persoas

que xa traballan no ámbito do I+D+i e tratar de que xente que está en situación de desemprego teña unha oportunidade de incorporarse ao mercado laboral tras recibir unha formación que lles permite asumir un papel importante como axentes do sistema de innovación”, apunta Juan Sobreira Seoane, director da Área de Innovación Tecnolóxica da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, que en unión da Universidade de Vigo deseñou un curso de oito semanas de duración impartido na cidade olívica, na sede da Confederación de Empresarios de Pontevedra.

“O traballo dun xestor da innovación pasa por elixir socios para tomar parte en proxectos, dar conta da súa necesidade, da súa viabili-

dade, comunicar que se fai e xustificar os gastos. Teñen que saber manexar a linguaxe da Administración para conseguir axuda para financiarlos e de portas adentro traballar para que haxa unha aposta nítida pola I+D+i”, abunda Sobreira, que entende como un desafío fomentar o uso da investigación o desenvolvemento e a innovación como ferramenta competitiva. “En Galicia estamos moi por baixo doutras comunidades, cun esforzo investigador respecto ao PIB de tan só o 1,1%. É importante formar axentes da innovación que propicien un diálogo fluído entre centros de investigación e empresas e xeren colaboracións”.

O curso foi eminentemente prácti-

co porque se deseñou un “itinerario de innovación” no cal os alumnos tiñan que elixir unha empresa, examinar o estado do seu I+D e a partir de aí deseñar posibles proxectos e a maneira de levalos a cabo nun horizonte temporal concreto. Os participantes recibiron formación sobre creatividade, protección da propiedade intelectual e ferramentas de financiamento público tanto autonómica, como nacional e europea.

Continuidade e secuelas

Trátase dunha iniciativa con vocación de continuidade porque tras ela está o aval dun proxecto financiado polo Fondo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, liderada pola Universidade de Vigo e no

que se integran entidades como a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Confederación de Empresarios de Pontevedra ou a Confederación Empresarial de Ourense por parte galega e o Instituto de Enxenharia Mecánica e Gestao Industrial, a Associação Empresarial de Portugal e a Universidade do Minho, por parte lusa.

É ademais unha iniciativa que ten réplica porque a Xunta de Galicia xa traballa a través de Consellería de Economía e Industria na formación de 61 alumnos dunha nova Rede de Xestores de Innovación que a partir de outubro traballarán con pequenas e medianas empresas co obxectivo de promover a súa competitividade.



*“O TRABALLO DUN XESTOR DA INNOVACIÓN PASA POR ELIXIR SOCIOS
PARA TOMAR PARTE EN PROXECTOS OU MANEXAR A LINGUAXE
DA ADMINISTRACIÓN PARA CONSEGUIR AXUDA PARA FINANCIARLOS”*